

Dado que nos atopamos en época de estío no que se incrementa o risco de incendio forestal, o Concello de Outeiro de Rei elaborou uns planos nos que se recolle a afección en materia de protección de incendios da lei 3/2007 de prevención de incendios forestales de Galicia e na Ordenanza municipal reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do suelo ás parcelas situadas no interior e no entorno dos núcleos rurais, suelo urbano e suelo urbanizable delimitado, así como das edificacións aisladas situadas fora dos terrenos clasificados nalguna das categorías anteriores.

Nestes planos gráfanse **en rosa** as zonas nas que é de aplicación a ordenanza municipal reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do suelo e que denomínanse no plano **áreas de xestión tipo 1**.

Ademais gráfanse **en amarelo** as zonas que denomínanse **áreas de xestión tipo 3** nas que é necesario ter as parcelas limpas de maleza. Sobor destas áreas de xestión tipo 3, cun **raiado de cor vermello**, gráfanse as zonas nas que non pode haber especies das indicadas na disposición adicional terceira da lei 3/2007 de prevención de incendios forestales de Galicia (que se recollen no plano) e que denomínanse como **áreas de xestión tipo 2**.

As instrucións do que se debe facer en cada unha destas áreas de xestión indícase no propio plano.

Ademais gráfanse as zonas de policía de augas e as zonas incluídas dentro da Rede Natura 2000.

Nestas últimas (**rede Natura 2000**) o concello de Outeiro de Rei tramitou no ano 2013 una autorización conxunta para todos os propietarios, que establece as condicións para a corta de especies e xestión da biomasa nas zonas afectadas por dita protección. Na actualidade non é preciso solicitar autorización ó Servizo de Protección da natureza para as cortas que se efectúen en aplicación da lei de prevención de incendios forestales pero si son de aplicación as condicións impoñidas en el informe da Consellería de Medio Ambiente.

Respecto das parcelas incluídas na **zona de policía de augas**, aínda que o concello de Outeiro de Rei fixo a mesma solicitude conxunta no ano 2013 que a realizada para a rede natura 2000, todavía non ha obtido resposta, polo que en tanto non exista dita autorización conxunta os propietarios deberán facer a solicitude pola súa conta na Confederación Hidrográfica Miño Sil antes de proceder á corta. En canto o Concello reciba a publicará neste mesmo medio para que poida estar a disposición de todos os propietarios afectados.

Para a corta é necesario realizar **comunicación previa** consonte o anexo IV do DECRETO 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micoloxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal, que se presentará

**polo menos cun día de anticipación** ao da súa realización, dirixida á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes onde se sitúe o terreo obxecto da corta.

Documentos relacionados que se poden descargar:

- Plano de cada parroquia coa delimitación das zonas de protección ( faixas secundarias de xestión da biomasa
- Ordenanza municipal reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do suelo.
- Informe do Servicio de Conservación da Natureza cas condicións para a realización das cortas e xestión da biomasa nas zona de Rede Natura
- Modelo de Comunicación Previa á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural.